

FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 2 LECTURA FÁCIL
------------------------	--	--------------	--	---------------	--------------------------------------------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	Home <input type="checkbox"/>	Muller <input type="checkbox"/>	
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de residencia:	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos cursados:	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Le con calma estas instrucións do exame antes de responder.
- Usa un bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Contesta ao que che preguntan.
- Escribe o número de palabras que che piden. Quítanse puntos se escribes menos palabras ou se escribes moitas máis.
- Só se entrega este caderno de exame.
- Usa as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non poñas o teu nome real no texto da proba. Non marques o exame con ningún sinal. Non uses tñpex.
- Ao final da proba, entrega todas as follas de borrador que teñas. Non contan para a nota.
- Se incumpres estas normas, o teu exame poderase anular ou puntuar negativamente.



Celga



2


Proba A1

Acabas de ver un vídeo na tele sobre as Illas Atlánticas.

Escíbelle **un correo electrónico** a unha amiga que quere ir de excursión por Galicia.

Nese correo electrónico, de **200** palabras, tes que:

- Aconsellarlle ir ao Parque Nacional das Illas Atlánticas.
- Explicarlle como pode chegar ás illas.
- Dicirlle cal é a mellor época do ano para ir.
- Recomendarlle unha ruta para facer.



NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for writing the answer to the A1 test question.

Proba A2

Tes unha amiga á que lle gusta axudar á xente.

Decides escribirlle **un correo electrónico** despois de ler o seguinte artigo.

No texto, de **200 palabras**, tes que:

- Saudala e explicarlle por que lle escribes esta mensaxe.
- Dicirlle para que se fai a campaña “Un xoguete, unha ilusión”.
- Contarlle a quen vai dirixida.
- Dar a túa opinión sobre esta campaña.
- Poñer un exemplo doutra que coñezas.
- Animar a túa amiga a participar nesta campaña.
- Despedirte.

CANDO XOGAR É UN SOÑO



A campaña “Un xoguete, unha ilusión” pon á venda o bolígrafo solidario para conseguir cartos e para lles enviar xoguetes a nenas e nenos que non os teñen.

O xogo é un dereito fundamental dos nenos e Nacións Unidas recoñeceuno como tal na súa Declaración de 1989. Por iso, dende o ano 2000, a campaña publicitaria “Un xoguete, unha ilusión” apoia aquelas asociacións que traballan en proxectos para axudar aos nenos e nenas.

Esta iniciativa solidaria, que naceu grazas a Radio Nacional de España e á Fundación Crecer Xogando, consegue diñeiro que ofrecen persoas de maneira xenerosa, sen pedir nada a cambio, para lles enviar xoguetes novos aos pequenos que non os teñen e que viven fóra do noso país.

Queren espertar a ilusión dos nenos e das nenas e mellorar o seu crecemento a través do xogo, como algo:

- Que divirte e educa.
- Que serve para aprender.
- Que lles axuda a relacionarse con outros rapaces e rapazas.

Os creadores desta campaña publicitaria explican que, grazas a isto, millóns de rapaces de 2 a 14 anos reciben o primeiro xoguete da súa vida.

Os xoguetes que se envían deben ser: novos, simples, educativos e adaptados a cada zona e destino.

Así, algúns repártense de maneira individual; é dicir, a cada neno correspóndenlle bonecos, camións ou balóns.

Os xogos para desfrutar en grupo —marionetas, disfraces, contos, instrumentos musicais, triciclos...— entréganse nos colexios, nos hospitais e noutros centros.

Deste xeito, preténdese desenvolver o xogo tanto na familia coma con outras persoas. Así os pequenos aprenden a compartir.

Como se pode apoiar a iniciativa do “bolígrafo solidario”?

Para dar a coñecer a campaña, organízanse diferentes actividades. Unha delas é vender o “bolígrafo solidario”. Dende o ano 2005, este obxecto dáselles ás persoas que apoien esta iniciativa.

O seu prezo é de 5 €, que se destinan a fabricar os xoguetes para os nenos. Cantos máis cartos se consigan, máis xoguetes se repartirán e en máis países.

14 anos de experiencia

Esta campaña iniciouse hai 14 anos para lles dar xoguetes novos aos nenos e ás nenas doutros países. Dende hai dous anos, os xoguetes repártense tamén en España a través de Cruz Vermella.


Esta campaña pretende defender e promover o dereito ao xogo en todos os lugares do mundo. Ata o momento:

- Entregáronse máis de sete millóns de xoguetes.
- Construíronse 2300 lugares para xogar en preto de 44 países.
- Colaboraron máis de 64 organizacións non gobernamentais; é dicir, asociacións que non dependen do Goberno e que pretenden axudar á xente sen pedir nada a cambio.



9500

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2





ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for writing the answer to the A2 test question.

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA
CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

**PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA
CELGA**

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións: